

A "APDR" SOLIDARIZASE COAS MARISCADORAS DE OS PRACERES

Diante da situación que se está a vivir na Ría de Pontevedra, e dun xeito moi particular no banco marisqueiro de Os Praceres, para o que mariscadoras e mariscadores reivindicamos solucións que lle permitan continuar co seu traballo de extracción e comercialización en condicións dignas, a "Asociación Pola Defensa da Ría" quere manifestar o seu absoluto apoio ao sector marisqueiro na defensa dos postos de traballo e do seu medio de vida, xa que entende que a explotación racional da Ría en base ao marisco, á pesca de baixura e ao turismo é o xermolo dun modelo de desenvolvemento sustentabel polo que a APDR ven loitando desde hai xa vinte anos.

Pero dito isto, entende a APDR que neste conflito estanse a producir certas afirmacións que pola súa inexactitude merecen seren matizadas.

En primeiro lugar, é inexacto afirmar que a catalogación do banco marisqueiro de Os Praceres se teña producido neste momento e pola actual Xunta de Galicia; a realidade é ben distinta. A cualificación deste banco marisqueiro, e do conxunto dos bancos marisqueiros da zona interior da Ría, como zona C data do ano 1998 (DOG do 10-3-98) no que todos eles perden a categoría B pola súa elevada contaminación por coliformes. E xa daquela, co PP no goberno da Xunta de Galicia, o marisco deses bancos marisqueiros, por lei (Real Decreto 345/1993, BOE do 27-3-93), non podía comercializarse directamente, senón só logo dunha reinstalación dun mínimo de dous meses nunha zona limpa. O que pasou daquela foi que o PP, facendo deixazón de funcións, non fixo cumprir esta obriga aos produtores nin se preocupou tampouco por solucionar os problemas de contaminación das augas da Ría, úneco xeito de evitar o problema da cualificación C dos nosos bancos marisqueiros.

Hoxe a actual Xunta de Galicia, cumprindo coa obriga de aplicar a lexislación, e logo da realización de novas análises da calidade das augas da Ría, ten cualificado todos os bancos marisqueiros do fondo da Ría –agás o de Praceres- como zonas B. O mantemento de zona C para o banco marisqueiro de Os Praceres ben "xustificado" pola Xunta de Galicia nos altísimos valores de coliformes nas ditas análises.

Dacordo con algunhas declaracións das mariscadoras de Os Praceres, a recollida de mostras na zona non é axeitada, polo que ben poidera ser que tamén este banco marisqueiro tivera que se cualificar como zona B. En calquera caso hai certas consideracións que non deberan pasar desapercibidas:

1º.- Trátase non só dun problema laboral, senón tamén –e fundamentalmente- dun problema de saúde pública que as administracións teñen que salvagardar.

2º.- A contaminación por coliformes é responsabilidade dos vertidos fecais existentes aínda na nosa Ría e, no caso que nos ocupa, da existencia de vertidos directos, sen depuración, na zona de Os Praceres e na zona portuaria, e –dacordo co recollido nos medios de comunicación- polo mal funcionamento puntual da depuradora de augas residuais urbanas existente na zona, vertidos todos eles que as administracións con competencia neste terreo teñen a obriga de eliminar.

3º.- Dito isto, convén salientar tamén que a proliferación de coliformes vese favorecida polo aumento da temperatura e da materia orgánica no medio, polo que existe unha responsabilidade indirecta na presenza de vertidos industriais, de forma particular os do complexo industrial ENCE-ELNOSA.

Desde a APDR, que entende prioritario solucionar o problema de saúde pública que supón a presenza desta elevada contaminación por coliformes, esiximos que lonxe de buscar solucións que como sempre penalizan á xente do mar, se eliminen todos os vertidos urbanos e industriais, impondo no seu caso as oportunas sancións aos responsabeis, e se garantice a fiabilidade da toma de mostras para as analíticas, de tal xeito que a cualificación das zonas marisqueiras resposte á realidade da situación ambiental e, xa que logo, quede garantida a protección da saúde pública.

En Pontevedra a 2 de outubro de 2006
APDR.